

TAREFAS DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL


Bo día, a continuación paso a explicarlles as actividades que propoño para esta semana, as cales presentei no vídeo.

ACTIVIDADE Nº 1 – CREACIÓN DUN LECTÓMETRO

Un lectómetro é un documento no que imos recollendo todas as lecturas que facemos. ¿Cómo o imos realizar? Podemos realizalo nun ha libreta, caderno ou nun folios que teñamos libres.

Podemos guiarnos polo seguintes pasos:

1. Débese crear unha portada, na que poñeremos un título inventado. Por exemplo "O lectómetro caseiro de Sonia" "O lectómetro da curiosidade" ... o que se vos ocorra. Por exemplo como a imaxe que vemos a continuación ¡¡¡CREATIVIDADE!!!



2. Hai que crear unha ficha por cada libro, conto, relato... que leamos. ¿Que imos poñer nesa ficha? A data de lectura, o título do conto, se nos gustou ou non e un pequeno resumo da lectura, pero sen desvelar o final. Unha Ficha como a da seguinte páxina (pódese imprimir ou pódense copiar os seus apartados directamente nun folio).
3. Así, xuntando a portada e as fichas iremos compoñendo o noso lectómetro.
4. O ideal sería ler un ou dous libros ou contos que teñamos na casa por semana, dependendo da extensión dos mesmos..
5. Se algún neno/a quere que lle envíe historias, relatos pequenos ou algún conto, avisádeme. Búscos e intento copialos en pdf ou tamén vos podó dar algún enlace de internet.

¡¡¡ Mans á obra !!!! A ler contos e cubrir fichas...

¿Cantos relatos seremos capaces de ler antes da volta á escola?

Lectura nº:

Data da lectura:

Título do libro:

¿Gustoume?

Nada

Pouco

Normal

Bastante

Moitísimo

Argumento (resumo sen revelar o final)

.....

.....

.....

.....

.....




.....

Debuxo:

ACTIVIDADE Nº 2 – CREACIÓN DUN CONTO

Para levar a cabo esta actividade necesitamos os seguintes **ingredientes**:

- 1 lapis ou bolígrafo
- 2 folios ou páxinas dun caderno
- 5kg de imaxinación
- 3kg de pensar con calma (da marca “Paciencia”)
- 4kg de reflexión
- 3 imaxes (dadas pola cociñeira Sonia e que serán as seguintes)



Modo de preparación:

1. Primeiro debemos observar as imaxes cos 3kg de calma. Pensamos que pode estar a suceder en cada unha delas.
2. Seguidamente, temos que engadir os 5 kg de imaxinación e intentar pensar que historia ou conto podemos inventar. Temos que ter en conta, que ten que estar relacionado coas tres imaxes.
3. A continuación necesitaremos o lapis, e un folio, no que imos ir anotando as ideas que se nos ocorren. ¿Cales van ser os personaxes do noso conto? ¿Cal vai ser o lugar no que aconteza a historia? ¿Qué lles gusta facer aos nosos personaxes? ¿Cómo vai comezar o relato? ¿Cómo vai rematar? ...
4. Por último, e despois de engadir os 4 kg de reflexión, colleremos de novo o lapis e a outra folla, no que escribiremos a historia inventada por nos. Deixamos que o conto se vaia cociñando pouco a pouco e ... ¡tachán! ¡Receta rematada!

Se queredes compartir esta receita cos vosos compañeiros e poder ver a todos os resultados que chegamos tedes 2 opcións: mandar unha foto ao grupo de whatsapp ou por privado do conto final ou gravarvos en vídeo no que vos mesmos saíades lendo o conto e ensinándoo, e mandala ao whatsapp.

ACTIVIDADE Nº 3 – LABIRINTO PARA AXUDAR A FERMÍN

Lembramos que Fermín é un gato que estaba so na súa casa cando comezou a chover e tronar moito e moi forte. Por iso, necesita da vosa axuda para poder chegar a un novo refuxio onde o acollan. ¿Axúdadeslle? Como poderedes comprobar a continuación (na seguinte páxina), hai moitas operacións matemáticas polo camiño, unhas están ben resoltas e outras están mal, para iso debemos comprobalo. E... ¿por onde irá Fermín? Si! Polas que están ben resoltas. Irémoslle coloreando o camiño correcto e veremos a que destino chega.

Nun folio ou caderno poderemos ir realizando as contas para comprobar o seu resultado. E, por último, poderemos realizar de forma correcta aquelas que se encontren de forma incorrecta.

O seguinte labirinto podédelo imprimir se tedes impresora, podedes copialo todo nun folio ou caderno, ou simplemente pódense copiar as operacións soas nun folio e ir comprobando o resultado para, finalmente, descubrir ata onde chega Fermín.


ACTIVIDADES “EXTRA”

As actividades anteriores estarían enfocadas nas Linguas e en Matemáticas. Propóñense, principalmente, porque pensamos que son adecuadas para traballar os aspectos básicos e fundamentais deste curso, a lectura, a escritura e o cálculo.

A maiores estarían as áreas de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais. Nesta semana non mandarei contido específico das mesmas, pero si poderían ir repasando os contidos dados este trimestre.

LEMBRAMOS: pouco a pouco e sen agobios. Calquera dúbida contactade sen problema.

Un saúdo nenos, nenas e familias! Xa queda menos



$2D = 200$



$4 \times 9 = 32$



$345 + 321 = 624$

Parque de Monforte

$12 + 39 = 51$

$28 - 6 = 42$

$5C + 0D + 3U = 35$



$2 \times 5 = 10$



$3C + 2D + 5U = 235$



$987 - 123 = 456$

Pazo de Tor

$0C + 0D + 8U = 800$

$147 - 35 = 112$

$4 \times 4 = 20$



$5 \times 5 = 50$



$123 + 456 = 789$



$4 \times 9 = 36$

CEIP de Monforte de Lemos

$367 - 149 = 325$

$3C + 5D + 9U = 359$

$51 = 5 \times 3$



$35 + 78 = 38$



$278 + 155 = 433$



$2 \times 8 = 18$

Biblioteca municipal de Monforte

